

**CONTIDOS 3º ESO Aplicadas (Cada tema: 8 clases + 2 clases de repaso + control + corrección)****1.ª AVALIACIÓN**

- Tema 1. Números enteros e fraccións.
- Tema 2. Números decimais. Notación científica.
- Tema 3. Polinomios. Sucesións numéricas.

2.ª AVALIACIÓN

- Tema 4. Ecuacións e sistemas.
- Tema 5. Polígonos. Perímetro e área.
- Tema 6. Movementsos. Semallanza.

UDI: Dieta alimenticia

3.ª AVALIACIÓN

- Tema 7. Corpos xeométricos.
- Tema 8. Funcións e gráficas.
- Tema 9. Estatística

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude		5%
Conceptos e procedementos	Probas escritas	90% (40% controis e 60% exame avaliación)
	Traballos, lecturas, libreta	5%
Participación: O alumnado que participe en actividades do departamento como Canguro Matemático, Campionato de Polinomios, Open Matemático, Olimpíadas e outras, engadirá ata 1 punto á nota da avaliación correspondente segundo os criterios fixados en cada actividade.		

A avaliación será continua e integradora. Basearase na observación sistemática e pautada do proceso de aprendizaxe a través de preguntas, traballos individuais ou en grupo, probas orais e escritas e entrevistas.

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións seguindo o calendario aprobado polo claustro.

En cada avaliación haberá como mínimo, dúas probas escritas ou exames. No último exame de cada avaliación, preguntárase ao alumnado por toda a materia estudada dende o comezo do curso ata ese momento. Unha nota inferior a 3 neste exame non fará media co anterior e o alumno/a terá que recuperar na avaliación seguinte.

Para aprobar a avaliación é necesario acadar cinco puntos unha vez aplicados todos os criterios de avaliación previstos.

Excepto para o intervalo de puntuacións entre catro e cinco, si a puntuación acadada é superior en 0,75 ao enteiro anterior, se lle asignará como nota o seguinte número enteiro (exemplos: se a nota acadada é 5,8 a nota da avaliación será 6; se a nota acadada é 5,6 a nota da avaliación será 5).

A cualificación final será a nota maior entre 5 e a media ponderada das cualificacións das tres avaliacións cos seguintes "pesos" (porcentaxes): 1ª avaliación: 25%, 2ª avaliación: 35%, 3ª avaliación: 40%, redondeada según o criterio establecido (si a media ponderada é superior en 0,75 ao enteiro anterior, se lle asignará o seguinte número enteiro).

Se un alumno ou alumna non supera a materia na avaliación ordinaria, no mes de setembro realizará unha proba global da materia non superada que será cualificada de 0 a 9 puntos e entregará realizadas as actividades de recuperación propostas polo departamento, que serán cualificadas cun máximo de 1 punto. Para obter o aprobado é necesario acadar un mínimo de 5 puntos sumando as dúas puntuacións anteriores.

Nas probas escritas descontarase 0,05 por faltas de ortografía cun máximo de 1 punto.

No caso de detectar que se copia nun exame retirárase o exame inmediatamente e daráse a oportunidade ao alumno/a de demostrar os seus coñecementos nunha proba que realizará diante de dous membros, alomenos, do departamento.

PLAN DE LECTURA ANUALHora de Ler: SI

Lecturas Recomendadas:

El diablo de los números

Autor: HANS MAGNUS ENZENSBERGER

Editorial: EDICIONES SIRUELA

ISBN: 8478444335

Tipo: Novela/Historia
Lectura desde internet:
<http://www.librosmaravillosos.com/eldiablodelosnumeros/index.html>

El asesinato del profesor de matemáticas

Jordi Sierra i Fabra
Editorial: Anaya
Colección: El duende verde
ISBN: 8420712868
Tipo: Novela/Resolución de Problemas
Disponemos de 1 ejemplar na Biblioteca do IES

Matemática demente

Autor: Lewis Carrol
Disponemos de 2 ejemplares na Biblioteca do IES

Alicia en el país de las matemáticas

Autor: Lewis Carrol
Disponemos de 1 ejemplar na Biblioteca do IES

Cuentos del cero

Autor: Luis Balbuena
ISBN: 84-96566-18-8
Editorial: Nivola

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Canguro Matemático, Campeonato de Polinomios, Open Matemático.